

Comunidades de seres vivos e ecosistemas

Na Terra hai lugares moi diferentes: océanos, desertos, chairas, altas montañas, zonas xeadas, escuros mundos subterráneos... En case todos eses lugares hai seres vivos. Eses seres vivos nunca están illados, senón formando parte de conxuntos ou comunidades nas que se relacionan.

Que curioso!

Un dos lugares máis difíciles para a vida son os fondos dos océanos. Mesmo neses lugares hai comunidades de seres vivos. Investiga e intenta descubrir

Como funcionan os ecosistemas

Os cambios nos ecosistemas

En calquera ecosistema podemos observar:

O ser humano nos ecosistemas

● Somos superconsumidores

Como os demais animais dun ecosistema, os seres humanos formamos parte do grupo dos consumidores, xa que nos alimentamos doutros seres vivos.

Pero os seres humanos somos uns consumidores moi voraces. Non só nos alimentamos de seres vivos, senón que obtemos deles materiais que necesitamos, como madeira, fibras, medicamentos, combustibles... Podemos considerar que somos uns superconsumidores.

Somos 7000 millóns de persoas que competimos con outros seres vivos pola auga, polo aire e polo espazo do planeta.

Os seres humanos tamén formamos parte dos ecosistemas e dependemos do seu equilibrio para sobrevivir.

● Cambiamos os ecosistemas

A actividade humana produciu cambios moi profundos no planeta, que alteraron ou destruíron ecosistemas naturais.

No seu lugar xurdiron algúns ecosistemas humanizados, adaptados ás nosas necesidades.

COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...



1 Formade grupos. Nun folio escribe, por quenadas, unha razón pola que as persoas dependemos dos ecosistemas para sobrevivir.

2 Explica que é un ecosistema humanizado e pon un exemplo.



Algúns ecosistemas humanizados

Os cultivos proporcionánnos alimentos para nós e para o noso gando.



Os parques e xardíns proporcionánnos beleza e lugares de lecer.

Cres que estes ecosistemas poden chegar a estar en equilibrio e conter seres vivos salvaxes?

● Os ecosistemas

Para estudar as comunidades de seres vivos, as súas adaptacións e as súas relacións co medio e entre eles, utilizamos a idea de ecosistema.

Un ecosistema é un conxunto formado por:

- Un lugar cunhas determinadas condicións físicas: tipo

● O equilibrio nos ecosistemas

● Cambios que alteran os ecosistemas

Hai cambios que lles afectan gravemente aos ecosistemas, os que alteran o seu equilibrio.

● Que cambios producimos?

Os principais cambios nos ecosistemas debidos ao ser humano son os seguintes:

A transformación dos espazos naturais

Pinchamos ou incendiámos selvas, bosques e praderías para facer campos de cultivo ou zonas para a cría de gando. Mesmo ocupamos zonas mariñas con piscifactorías. Tamén ocupamos extensos territorios coas nosas cidades, portos, estradas, zonas industriais...

Algúns destes ámbitos modificados transformáronse en ecosistemas novos, humanizados e en equilibrio.

A desaparición de seres vivos

Ao cazar, pescar ou pinchar en exceso, os seres humanos reducimos as poboacións dalgúns animais e plantas. Isto rompeu as cadeas alimentarias de moitos ecosistemas e fixo desaparecer máis seres vivos.

Tamén introducimos nos ecosistemas animais ou plantas doutros lugares. Isto rompeu o equilibrio deses ecosistemas e causou a desaparición dalgúns dos seres vivos que formaban parte deles antes do cambio.

A contaminación

Botamos os nosos residuos ao aire, ás augas e ao chan dos ecosistemas e ensuciámmolos. Isto danou moitos dos seres vivos que os habitaban.

● Debemos protexer os ecosistemas

Para que non acabemos destruíndo todos os ecosistemas do planeta, incluídos os que modificamos ou creamos os seres humanos, debemos:

- Protexer os espazos naturais que quedan, recuperar os que estean pouco alterados e fomentar a aparición de novos ecosistemas nos espazos humanizados.
- Consumir de xeito racional, sen esgotar os recursos dos ecosistemas, para que manteñan o seu equilibrio e sigamos dispoñendo de recursos naturais.
- Reducir ou eliminar a contaminación.

COMPRENDE, PENSA...



1 Analiza o teu barrio como un ecosistema e describe:

- a) As súas condicións.
- b) A súa fauna e flora.

COMPRENDE, PENSA...

1 Que ecosistemas fa...

COMPRENDE, PENSA...

2 Que ecosistemas fa...



TRABALLO COA NATURE



Estas tartarugas son orixinarias de América. No pasado foron populares como mascotas e algúns dos seus propietarios liberáronas en zonas húmidas españolas. Estes réptiles son tan voraces que acabaron con moitos animais deses ecosistemas e invadiron moitas destas zonas.

Fai un cartel dando razóns para que ningún libere seres vivos deste tipo na natureza.

COMPRENDE, PENSA...



3 Fai unha listaxe de actividades humanas que creas que contamina o medio.



4 Cres que ti podes facer algo para protexer os ecosistemas? En grupo, facede un remuíño de ideas sobre isto.